

Nadal 2015

N.º 27

EDITORIAL

E case sen darnos conta estamos outra vez chegando a final de ano. O Nadal é unha data sinalada que todos celebramos de diversas formas, a maioría delas relacionadas con comedelas acompañadas de boas intencións.

Pero detrás de todo este espírito de Nadal hai unha serie de tradicións relacionadas cos ciclos naturais, tal e como vos contamos no artigo deste mes.

Como sempre, completan este boletín a axenda cultural de Ribadumia e unha pequena biografía dun persoeiro da nosa historia e cultura, nesta ocasión a “Bela Otero”.

Como todos os anos, levamos a cabo unha das actividades máis importantes da nosa asociación, o Concerto Solidario a favor da Fundación Amigos de Galicia, que tivo lugar o pasado 21 de novembro en colaboración co Encontro, e no que conseguimos recadar 930 € que foron destinados a compra de cacao para as familias máis necesitadas.

Por outra parte, vimos de rematar o IV Duatlón Cross de Ribadumia, evento deportivo único da comarca e todo un éxito organizativo e de asistentes. En breve recibiredes un boletín especial sobre esta proba que se celebrou o pasado 6 de decembro.

E con isto rematamos con outro ano cheo de actividades e intenso traballo.

Dende a Asociación desexámosvos unhas boas festas.

Saúdos,



INDICE

- Persoeiro do mes : A Bela Otero
- Axenda Cultural
- Artigo: Sobre o solsticio de inverno e o Nadal

PERSONEIRO DO MES : “A Bela Otero”



Agustina Otero Iglesias, máis coñecida como “A bela Otero”, foi unha das personaxes máis recoñecibles do *glamour* da *Belle Époque* francesa. Nada no término municipal de Valga (1868) e morta na cidade francesa de Niza (1965), percorreu boa parte de Europa, América e Xapón como bailarina de espectáculos de cabaret, sendo cortesana de reis e amante de homes poderosos. Acumulou unha grande fortuna que logo consumiría no casino de Niza durante o seu retiro, pois sofría de ludopatía, ata morrer case pobre nesa mesma cidade francesa.

As poucas cousas que se coñecen da súa infancia son de gran importancia para comprender o seu derroteiro vital. Procedía dun entorno familiar moi humilde, filla de nai solteira e pai descoñecido. A nai gañaría escasos cartos recollendo piñas nos montes da parroquia, e ademais, segundo o seu escrito autobiográfico «Memorias», tamén se prostituía. Con 11 anos de idade foi violada por un veciño, ocasionándolle unha hemoraxia tan grave que tivo que ser internada no Real Hospital de Santiago. Este terrible percance deixaría estéril. Hai quen suxire, interpretando a súa vida cunha óptica un tanto novelesca, que este incidente enxendrou nela un soterrado sentimento de odio e desexo de vinganza fronte aos homes, o cal se vería reflexado posteriormente en moitas das súas relacións amorosas. Non sería sorprendente que así tivera sido, por outra banda.

Pouco tempo despois, contando uns 14 anos de idade, fuxe da súa aldea cun rapaz que se dedicaba a espectáculos itinerantes de danza. Pouco se sabe tamén deste tramo da súa vida, que a levou desde Lisboa a Cataluña, e finalmente a Francia, onde se estableceu en París xa como bailarina afamada. Durante todos estes anos, as súas vivencias forman parte da lenda, pero dende logo, debeu ter aprendido duramente o oficio da danza, e probablemente tamén exerceu a prostitución. Nalgún momento, decidiu trocar o seu nome verdadeiro polo de *Carolina*. Xa en París chegou a ser a bailarina de cabaret de maior éxito do momento. Principalmente traballaba no célebre local *Folies Bergère*.

Non podemos decir que os seus espectáculos tivesen un grande valor artístico. Pero nesta historia non se trata diso. A realidade é que o seu éxito non tiña rival no gremio. Carecía de formación académica para o baile, polo que as súas nocións e técnica eran predominantemente intuitivas. Nas súas “performances”, mesturaba hábilmente elementos de exotismo de moito agrado na época. Incluso, para acrecentar este aspecto, chegou a inventar

unha procedencia xitana Andaluza. Pero a parte fundamental do seu éxito como bailarina eran a súa sensualidade e os elementos eróticos dos seus espectáculos, no que mostraba unha habilidade innata.

Nestes momentos de maior gloria na súa carreira, percorreu os principais escenarios do mundo. O seu exotismo e sensualidade farían dela, quizáis, a muller máis desexada por tódalas “altezas” e personalidades da *jet set* do momento, polo menos en Europa. Así, foi amante de xente de poder (empresarios, políticos) e cortesana de reis e nobres, entre os que se contaron Alberto I de Mónaco, Eduardo VII do Reino Unido, Leopoldo II de Bélxica, o káiser Guillermo II de Alemaña, Alfonso XII de España, Nicolás II de Rusia, o Gran Duque Pedro de Rusia, o duque de Westmister... tódolos homes de fama querían estar con ela. Cóntase que, cando se cruzaban na mirada, era imposible non deterse ante a beleza dos seus ollos, dunha cor negra pura e brillante. Informacións que nunca foi posible confirmar, falan de ata seis homes que se suicidaron por causa de perder os seus favores. Como nos podemos imaxinar, a súa vida amorosa foi inspiración ou protagonista de novelas, crónicas xornalísticas, e películas.

Agustina Otero tiña sen dúbida un atractivo sensual de seu, pero non foi só iso o que lle proporcionou éxito e a investiu dun atractivo difícil de resistir. Era ademáis unha muller intelixente, perseverante e firme no seu traballo. Relacionouse con personalidades do mundo da cultura. Especialmente, coas mulleres do círculo Sáfico de París, todas elas artistas (sobre todo poetisas) de familia burguesa ou aristócrata, onde destacaba Natalie Clifford-Barney. As ideas transgresoras deste grupo, especialmente no relativo á homosexualidade, puideron desenvolverse naquel ambiente parisino onde, a pesar de todo, a tolerancia era maior en comparación ao resto de Occidente.

Agustina acumulou unha grande riqueza e, aos 45 anos de idade, despois da I guerra mundial, retirouse a vivir nunha mansión de Niza. Afectada de ludopatía, consumiu toda aquela fortuna no casino de Niza, que en agradecemento a mantivo cunha pensión ata o final da súa vida. Os beneficiarios do seu testamento, daquela xa escaso, foron as xentes pobres da parroquia de Valga.

Bibliografía:

- **As auténticas memorias da Bela Otero.** Xerais, 2001.
- **Arruíname pero no me abandones. La Bella Otero y la Belle Époque.** De Marie-Helène Carbonel i J. Figuro. Ed. Espasa Calpe, 2003.
- **A Bela Otero, pioneira do cine.** M.A. Fernández. Galaxia, 2003

A cunca.

Boletín Cultural da Asociación Herminio Barreiro

- La Bella Otero, unha icona da Belle Èpoque Europea. E.O. Cepeda. culturagalega.gal
- Trágica infancia de Agustina Otero Iglesias. J.P. Ares. Edicións do Castro, 1984.
- La tremenda niñez de la Bella Otero, Santiago de Compostela. Borobó. El Correo Gallego, 1992.
- Colette une certaine France. M. del Castillo. Stock, 1999.
- La Bella Otero, C. Posadas. Planeta, 2001.
- Carolina Otero. M.R. Lorenzo. A Nosa Terra, 2001.
- A paixón de Carolina Otero. R. Chao. Galaxia, 2002.

AXENDA CULTURAL :

O Encontro

Venres 11 Decembro: Chaladura

Venres 18 Decembro: Sharknadoos

Venres 25 Decembro: Hide & Seek

Venres 8 Xaneiro: Aspergillus

Venres 15 Xaneiro: Jinetes del Trópico

Auditorio municipal


Domingo 13, 19:00 h. O grupo Xóvenes Mulleres Anduriña de Sobradelo amenizará coa súa obra “El dentista, la Evarista y los cuatro de la lista”.

Domingo 20, 18:00 h. Concerto recollida de alimentos de Cáritas por parte da “Agrupación Músico Cultural de Ribadumia”

Domingo 27, 19:00 h. Tarde de ballet da man da “Escola de Danza e Saleta” de Meis.

ARTIGOS

: Sobre o solsticio de inverno e o Nadal




O solsticio de inverno dá inicio á última das estacións climáticas, é dicir ao inverno. No hemisferio norte, no solsticio de inverno a noite é a máis longa do ano e o día o máis curto. Isto ocorre aproximadamente o 21 de decembro.

A noite máis longa débese a que a terra recibe os raios solares máis inclinados. Ou dito doutra maneira, é o momento en que a terra está máis inclinada con respecto aos raios do sol que recibe, por tanto recibe menos luz.

Solsticio é un termo que significa “sol quieto” (*sol sistere*), e desde o punto de vista astronómico está relacionado coa posición do sol con respecto ao ecuador

celeste, o sol alcanza a súa máxima declinación norte ou sur con respecto ao ecuador. Coa observación diaria, podemos ver que o sol vai avanzando no horizonte aos poucos ata chegar a un punto máximo extremo onde se detén e regresa novamente. No solsticio de inverno o sol parece deterse para retomar o



camiño de regreso para chegar ao outro extremo, é dicir ao solsticio de verán, e así sucesivamente, cada ano fai este ciclo. No solsticio de verán, o sol localízase

ao norte do horizonte e no de inverno atópase ao sur do horizonte. Todo isto provócao o movemento de translación da terra e a inclinación da mesma.

Este fenómeno, o do día máis curto e a noite máis longa do ano deron pé a varias celebracións, na antigüidade celebrábanse os nacementos de Mitra, de Osiris, de Baco, de Adonis, etc. nas súas distintas culturas e civilizacións. Aínda na actualidade segue habendo celebracións que tiveron a súa orixe no solsticio de inverno, aínda que xa non se toma en conta na maioría delas o día exacto do solsticio.

Na antigüidade, e para algúns hoxe en día, a escuridade da noite máis longa do ano é o berce espiritual na que renace o sol. Unha noite para recollerse en torno ao lume ou a un conxunto de velas para volver chamar ao Sol. É tamén un tempo sacro de descanso antes do espertar e a acumulación lenta de enerxía cara aos días máis longos.

O solsticio de inverno no mundo celta

Para os Celtas, o ano comezaba en Samhain. As festas tradicionais celtas estaban calcadas sobre o calendario agrícola e as estacións do ano. Pero en tempos aínda máis remotos, as tradicións célticas confundíanse coas tradicións pagás dos países nórdicos, onde o ano comezaba o 25 de decembro cunha festa que se chamaba a Noite das Nais. Sen dúbida, esta festa estaba relacionada con diversos aspectos da gran deusa Nai, en épocas anteriores ao patriarcado que se evidencia no mito de Odín.



A noite das Nais coincidía cunha vella celebración chamada Yule do vello inglés *jul* ou *jol*, que significa “roda”, aparentemente por unha relación coa esfera solar. Esta festa foi celebrada desde a antigüidade marcando o solsticio de inverno con numerosas manifestacións concernentes á abundancia.

Nas primeiras civilizacións humanas a importancia de Yule era obvia. Como as noites poñíanse máis escuras e longas, e os días máis fríos e curtos, era importante que o Sol se sentise atraído novamente pola Terra. A festividade era importante porque os mantiña en sintonía co ciclo das estacións, e festexábane como o inicio dun Ano novo reuníndose cos seus amigos e familiares para adorar aos Deuses e as Deusas con alegría e agradecemento.

A roda vira, márcase a pausa do período que morre para dar lugar a un novo ciclo, e o deus solar Balder renace da Deusa Frigg. O deus representaba o Sol que volve despois da época máis escura do ano e renace na noite máis longa para traer outra vez a fertilidade e a calor á terra.

A orixe das decoracións de Nadal



A festividade de luces de cores nas casas e das árbores de Nadal é unha versión moderna do costume pagán de acender ver e lumes como actos máxicos para atraer e reavivar de novo ao Sol menguante. Hoxe en día aínda segue sendo un costume en Irlanda e Noruega para ter luces acesas por toda a casa na noite de Nadal, non só para atraer de novo o sol, senón tamén para honrar á Deusa virxe que lle dá nacemento.

Hanukkah, na tradición xudía, é o Festival das Luces, son 8 días da iluminación ritual da menorá. Na fe cristiá está a coroa de advento e no norte da Europa pre-cristiá, efectuábase a queima na fogueira dun tronco de Nadal.